



Criterios de Cualificación Módulo MP0945 Proxecto de Mecatrónica Industrial

Plantilla para a cualificación do módulo MP0945 Proxecto de Mecatrónica Industrial

Curso: 2023/2024 Centro: IES Politécnico de Vigo

O equipo docente cubrirá individualmente o cadro marcado así→

Memoria (50% da nota total do módulo de proxecto)	10 %	Entregas programadas en prazo Esta casilla soamente a cubre o titor
	10%	Uniformidade na memoria (ter un índice, utilizar o mesmo tamaño de texto para toda a memoria, xustificar o texto, paxinar o documento)
	10%	Expresións e redacción correcta
	30%	Coherencia en todo o proxecto
	40%	Contido técnico correcto e axeitado
TOTAL (A CUBRIR POR CADA PROFESOR "O EQUIPO DOCENTE")		
Insertar unha nota entre 0 e 10 puntos. Dita nota contará un 90% da nota da memoria, o 10% restante corresponde coa nota das entregas, insertada por o titor.		

Presentación (50% da nota total do módulo de proxecto)	10%	Realizar a presentación no tempo estipulado "10 minutos" Esta casilla soamente a cubre o titor
	20%	Expresión oral coherente e fluída
	20%	Relación correcta entre explicacións e elemento de apoio aportado (imaxes, esquemas, planos, pezas reais, manipulación de elementos mecánicos reais coma robots, autómatas...)
	50%	Dominio e coñecemento técnico da materia
TOTAL (A CUBRIR POR CADA PROFESOR "O EQUIPO DOCENTE")		
Insertar unha nota entre 0 e 10 puntos. Dita nota contará un 90% da nota da presentación, o 10% restante corresponde coa nota do tempo estipulado, insertada por o titor.		

A cualificación final do módulo MP0945 Proxecto de Mecatrónica Industrial será a media de todas as notas aportadas por cada un dos membros do equipo docente (90%), máis o 10% da nota do titor (entrega en prazo e tempo de exposición). Na nota media final, aplicarase o método matemático de redondeo (si a parte decimal ten a primeira cifra decimal de 5 ou superior, á parte enteira da media sumaráselle unha unidade, pola contra, si a primeira cifra decimal é inferior a cinco, a parte enteira permanecerá co seu valor real).

Exemplo 1

Medias memoria:6,1 Medias presentación:4,9 Nota media:5,5 Redondeada(nota XADE):6

Exemplo 2

Medias memoria:6,0 Medias presentación:4,9 Nota media:5,45 Redondeada(nota XADE):5

A cualificación definitiva (realización da media de "medias de memoria" e "medias de presentación), insertarase na aplicación XADE aplicando o método de redondea explicado anteriormente. Darase o módulo de proxectos superado, sempre e cando a nota final redondeada (a insertar no XADE) sexa de 5 ou superior puntuación.

En Vigo a 02 de Outubro de 2023

Sinatura

Selo do centro

Profes@r.....



CONTIDO MÍNIMO DA MEMORIA DO MÓDULO MP0945 PROXECTO DE MECATRÓNICA INDUSTRIAL

DOCUMENTACIÓN

A memoria presentada para a cualificación de todo o equipo docente ten que contar cos puntos mínimos seguintes:

- Portada
- Índice
- Empresa da FCT
- Proxecto Integrado

A portada, e os restantes puntos do proxecto (a excepción de planos, esquemas eléctricos e documentación complementaria achegada no anexo), cumprirá cos estándares aportados na plantilla que pasará o titor ao alumnado.

Estes estándares son os seguintes (a plantilla facilitada por o titor cumpre os estándares explicados a continuación):

Interlineado 1,5 puntos

Título 1 Arial, tamaño 16, xustificado, cor azul (non pasa nada si a impresión final do documento realízase en branco e negro)

Título 2 Arial, tamaño 16, xustificado, cor azul (non pasa nada si a impresión final do documento realízase en branco e negro)

Para o resto do documento Tipo de letra Arial, tamaño 14, xustificado, cor negro.

O proxecto integrado será a documentación e explicación dun sistema mecatrónico industrial, aportando todo o necesario para o seu entendemento e para a súa posta en marcha de ser o caso.

A modo de exemplo indícase posibles proxectos integrados:

- Realización dun plan de mantemento dun proceso mecatrónico industrial.
- Diseñar un proceso automatizado .
- Dar solución a un problema real, ou a un suposto problema con elementos mecatrónicos.
- Calquera outra proposta do alumn@ sempre que esté integrado no currículo de mecatrónica industrial.

Para todos eles, pódese achegar a seguinte documentación:

- Un modelo 3D do sistema mecatrónico, aportando planos para o seu entendimiento.
- Planos en 2D, de pezas concretas, para a realización da fabricación da mesma peza, e a folia de procesos correspondente.
- Esquemas eléctricos.
- Esquemas pneumáticos, electropneumáticos ou hidráulicos.
- Programación dun autómatas programable co graficet correspondente.
- Plan de calidad.
- Plan de mantemento.
- Cálculos de deseño e dimensionado de elementos



- Riscos laborais aplicados a un sistema mecatrónico
- ...

Toda a documentación terá que ser realizada por o propio alumno.

ENTREGAS

Entregarase o documento en formato PDF ao titor na data indicada. Para o acto de presentación, é necesario a presentación da memoria en formato físico (papel) tamaño A4 a unha soa cara con encuadernación (a encuadernación pode ser en espiral, non é necesario outro tipo de encuadernación).

O calendario será o que se mostra a continuación:

Ata o 21 de Setembro de 2023	Empresa da FCT
Ata o 27 de Outubro de 2023	Proxecto Integrado (parte 1 de 3)
Ata o 10 de Novembro de 2023	Proxecto Integrado (parte 2 de 3)
Ata o 24 de Novembro de 2023	Proxecto Integrado (parte 3 de 3)
Ata o 05 de Decembro de 2023	Entrega Final en PDF ao Titor
O día da presentación, pedirase que entreguen a presentación en formato dixital, para a súa custodia (en formato pdf)	

O calendario para a entrega de documentación para as/os alumn@s de Erasmus, desfazaranse o tempo de inicio das prácticas. A primeira entrega será o venres da segunda semana de estar no país e orixe, e o resto serán co mesmo espazo de tempo que se indica na parte superior (cada dúas semanas).

CUSTODIA DA MEMORIA ENTREGADA EN PDF

O titor entregará por correo electrónico a todo o equipo docente a memoria presentada por o discente, e quedará unha copia en formato PDF no USB dedicado a este fin (atópase no armario do departamento de Instalación e Mantemento á disposición do equipo docente).

ACLARACIÓNS DA DOCUMENTACIÓN APORTADA

Toda a información, imaxes, planos... “documentación técnica”, insertadas na memoria NON PODEN SER EN NINGÚN CASO SACADAS DA EMPRESA NA QUE SE ESTÁ A REALIZAR A ESTADIA FORMATIVA, para respetar a Lei de Protección de Datos, e para non fomentar a espionaxe industrial.

Poderán ser utilizadas imaxes da propia empresa, sempre que se atopen na páxina web da empresa, a disposición de todo o público, e soamente se poderán utilizar para a realización do módulo de proxectos con carácter formativo, nunca cun fin remunerado.